

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A COBERTURA, POR SISTEMA DE CONCURSO, DE DUAS PRAZAS DE OPERARIOS (9038), GRUPO V, INCLUÍDA NA OEP 2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL, PUBLICADA NO BOP DE A CORUÑA DE 22 DE FEBREIRO DE 2023.

PERSOAS ASISTENTES:

Presidencia: D. Luís Fole Barrio

Secretaría: D. Fernando Adolfo de Abel Vilela

Vogais: D. Ramón Vereá Castelo, D. Jesús Rúa Taboada, Dna. María José Lage Vázquez, D. Luís González Guerra.

Transcorrido o prazo previsto nas bases reguladoras de convocatoria do proceso selectivo para a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa da listaxe provisional coa baremación de méritos sen que se tivesen presentado reclamacións, o Tribunal reúne telemáticamente o venres 2 de agosto de 2024 ás 9 horas.

Segundo o disposto nas mentadas bases, a orde de prelación dos aspirantes que superen o proceso selectivo realizarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso. A cualificación final dos aspirantes será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, e incluirá a proposta de nomeamento do aspirante que obteña a maior puntuación final. Asimesmo, os aspirantes que queden sen praza pasarán a formar parte dunha lista de agarda.

En virtude do anteriormente exposto, o Tribunal adopta por unanimidade os seguintes acordos:


1º. Fixar como orde de prelación definitiva dos aspirantes que superaron o proceso selectivo a seguinte:

ORDE DE PRELACIÓN	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	María Visitación Raña Platas	***8237**	100
2º	María Pilar Varela Sánchez	***8609**	100
3º	Francisco Javier Torres Porto	***4226**	10

2º. Propoñer o nomeamento dos dous aspirantes que obtiveron a maior puntuación final, Dona María Visitación Raña Platas e Dona María Pilar Varela Sánchez.

Faise constar que Don Francisco Javier Torres Porto superou co resultado de APTO a proba eliminatoria prevista nas bases reguladoras da convocatoria para aqueles aspirantes que non estivesen en posesión do título CELGA2 ou equivalente. A mesma tivo lugar o día 29 de xullo de 2023 ás 14 horas e celebrouse ante todos os membros do Tribunal, que suscriben a presente Acta.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 09,10 horas da data sinalada no principio da presente acta.

Three handwritten signatures in blue ink, arranged horizontally. The first signature on the left is a stylized 'RV'. The middle signature is more cursive and appears to be 'Francisco'. The signature on the right is also stylized and appears to be 'Pilar'.